

COLEXIO OFICIAL DE ODONTÓLOGOS E ESTOMATÓLOGOS DA CORUÑA  
RÚA EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ NÚM. 28  
15011 A CORUÑA

No marco de colaboración entre a Administración Sanitaria e o Colexio Oficial que vostede preside, e co obxectivo de actuar en beneficio da protección dos intereses das persoas usuarias, comunícolle que se está a detectar que nos carteis e/ou placas identificadoras nos escaparates, fachadas, portais e portas dos centros sanitarios autorizados nos que realizan a súa actividade os profesionais sanitarios, así como na súa publicidade a través de folletos, xornais, páxinas web, guías de seguros médicos, non consta o número de rexistro outorgado pola autoridade sanitaria ao conceder a autorización do centro.

O Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, recolle no Anexo II.1 a súa identificación entre os requisitos técnico-sanitarios que deben reunir, polo que no acceso ao edificio ou local, disporán dun rótulo no que se identifique como mínimo, de modo visible e permanente, o nome do centro, o número de rexistro sanitario e a oferta asistencial.

Asemade, o artigo 3.e) deste decreto, establece a obriga de consignar na súa publicidade o número de rexistro outorgado pola autoridade sanitaria ao concederlle a autorización e, o artigo 26.2 determina que o número de rexistro sanitario concedido deberá figurar en tódalas comunicacións externas, así como na publicidade efectuada polo centro, servizo e establecemento e naqueles outros documentos de transcendencia sanitaria, de acordo co establecido na normativa de aplicación. O seu incumprimento constitúe unha infracción administrativa que dará lugar, previa instrución do oportuno expediente, á correspondente sanción.

É por iso que, co fin de traballar de maneira coordinada, solicítolle que dea traslado do cumprimento desta obriga aos seus colexiados.

Así mesmo, lémbrolle que o dito número consta no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios, de carácter público, ao que se pode acceder a través da páxina [www.sergas.es](http://www.sergas.es), no buscador de centros que pode atopar no seguinte enlace: [Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde \(sergas.es\)](#)

Atentamente,

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Inspección de Servizos Sanitarios

Elia Rodríguez Costa

